

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

Nº EXP.	2024047674
ASUNTO	RESIDENCIA INTERNACIONAL DE INVESTIGACIÓN ARTÍSTICA OU CURATORIAL DO MUSEO DE PONTEVEDRA EN COLABORACIÓN COA ACADEMIA DE ARTE Y DISEÑO DE BASILEA FHNW
TRÁMITE	Designación das persoas que compoñen a comisión seleccionadora

O Vicepresidente, en virtude das competencias delegadas da Presidencia, dita aseguite Resolución:

De conformidade co disposto na base 14ª da convocatoria dunha *residencia internacional de investigación artística ou curatorial do Museo de Pontevedra en colaboración coa Academia de Arte e Deseño de Basilea FHNW*, aprobada por Resolución Presidencial núm. RP2024005906, de data 17 de xullo de 2024 e de conformidade co disposto na Resolución Presidencial nº 2024005761, de 10 de xullo de 2024, RESOLVO:

Designar os seguintes membros que compoñen a Comisión seleccionadora encargado de emitir o fallo para a selección e concesión da residencia artística:

Presidenta: María de los Ángeles Tilve Jar, Directora do Museo, Deputación de Pontevedra

Secretaria: María Cruz Farto Justo, Xefa de xestión do Museo, Deputación de Pontevedra

Vogal: María Jesús Martínez Pérez, Directora do Instituto de Arte Xénero Natureza, Academia de Arte e Deseño de Basilea

Vogal: Albertine Kopp, Directora administrativa y de produción de Arte Xénero Natureza, Academia de Arte e Deseño de Basilea

Vogal: Agar Ledo Arias, Técnica de procesos de investigación do Museo, Deputación de Pontevedra

A comisión seleccionadora constituirase o día 20 de agosto de 2024 ás 10:00 horas na Sala de Xuntas do edificio Fernández López do Museo de Pontevedra.

Contra esta Resolución que pon fin á vía administrativa poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que considere conveniente.

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica

